

CURSO: 2019- 2020

CURSO: 6º de primaria

MÚSICA, adaptación da programación da 3º avaliación

INDICE:

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
2. Avaliación e cualificación (avaliación, procedementos, instrumentos)
3. Metodoloxías e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade

1. Estándares de aprendizaxe (Música): 6º de primaria

B1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais con capacidade para emitir unha valoración destas

B2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras

B2.2.3 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos

B2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos

B3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas

2. Avaliación e cualificación

Avaliación: Procedemento

O procedemento para levar a cabo a avaliación serán actividades escritas e traballos realizados a través do blogue, sempre tendo en conta as probas, traballos individuais e en grupo levados a cabo durante a 1º e 2º avaliación

Instrumentos: Resolución de actividades, traballos e tarefas realizadas a través da aplicación on line do blogue. Así mesmo teranse en consideración todo o realizado durante a 1º e 2º avaliación

Cualificación final:

. A nota da avaliación final calcularase da seguinte forma:

Nota media da 1º, 2º e 3º avaliación

Os resultados da 3º avaliación sempre sumarán pero un máximo dun 20% sobre as dúas anteriores

O alumnado pode subir a nota media das avaliacións anteriores do seguinte xeito:

.- realización dos traballos , actividades e tarefas

.- calidade das tarefas, actividades e traballos

.- comprensión dos contidos

. Proba extraordinaria de setembro: non procede

. Avaliación de materias pendentes: criterios de avaliación

O alumnado cunha cualificación negativa na 1º e 2º avaliación realizarán as tarefas propostas e outras actividades optativas de reforzo que marcaríanse

.Criterios de cualificación: O alumnado poderá subir a nota das avaliacións anteriores sempre e cando cumpra as seguintes condicións:

.- realización das actividades, traballos e tarefas

.- calidade dos traballos

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso ampliación)

Actividades para dar continuidade ao traballo de música: Procedeuse á creación dun blogue na plataforma blogger, cun enlace na web oficial do centro educativo. Neste blogue, súbense actividades, tarefas, propostas que abarcan os contidos e destrezas básicas neste caso de ciencias sociais e lingua galega.

As actividades inclúen: actividades escritas, actividades centradas na creatividade do alumnado, diferentes retos...entre outras

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía empregada co alumnado con conexión inclúe actividades e tarefas de indole diferente centradas nos contidos das unidades didácticas que o alumnado desenvolve na escola

No caso do alumnado sen conectividade as tarefas e actividades comunícanse de forma telefónica individualizada

Materiais e recursos

Continuaremos traballando con materiais, instrumentos que teñan na casa así como a inclusión de actividades de repaso, retos musicais incluídas no bloguer educativo

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e as familias:

Empregaranse diversas canles de comunicación: correo electrónico, video conferencia, páxina wwb do centro, teléfono, comentarios no blogue educativo([https://blogue educativo.blogspot.com](https://blogue_educativo.blogspot.com))

Publicidade:

Publicarase na web oficial do centro educativo

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada>

así como no blogue educativo creado e empregado para sinalar as tarefas e actividades e a conexión constante e permanente co alumnado

<https://blogeducativoclase23fonsagrada.blogspot.com>